

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de outubro de 2022**

Ás 17.50 horas do día 19 de outubro de 2022, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Álvaro José Fernández López

D.^a María Consuelo Vispo Seara

D. Jorge Pumar Tesouro*

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

* O deputado do Grupo Popular, don Jorge Pumar Tesouro, incorporouse á reunión ás 17.53 horas, durante o debate do punto 2.

Non asiste o deputado do Grupo Popular, don Miguel Antonio Cid Álvarez (substituído por dona María Consuelo Vispo Seara), nin o deputado do Grupo Socialista, don Aurentino Alonso Araújo (substituído por dona Susana Rodríguez Estévez).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de setembro de 2022.

Detectouse un erro no dito borrador, no punto 4, no rogo formulado pola deputada dona Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, onde di “estrada provincial OU 1013 ao seu paso polo Concello de Oímbra”, debe dicir “estrada provincial OU-1011 á entrada do termo municipal de Oímbra”.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 21 de setembro de 2022, facendo a seguinte corrección no borrador elaborado pola Secretaría Xeral:

No punto 4, no rogo formulado pola deputada dona Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, onde di “estrada provincial OU 1013 ao seu paso polo Concello de Oímbra”, debe dicir “estrada provincial OU-1011 á entrada do termo municipal de Oímbra”.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A BONIFICACIÓN, REBAIXA OU SUPRESIÓN DA TAXA DO SERVIZO DE RECADACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE AOS CONCELLOS DA PROVINCIA.

D.^a Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, explica o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que el, en principio, está a favor de que os concellos poidan dispor de máis fondos e recorda que fai unhas poucas semanas a Deputación Provincial suprimiu a oficina de atención presencial do Servizo de Recadación que existía no Concello de Viana do Bolo e pregunta se se vai facer o mesmo con outras que existen na provincia. Engade que, en principio, está de acordo co primeiro punto dos propostos na moción, polo que reserva o seu voto para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), do BNG (1), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense ao estudo da posibilidade de implantar bonificacións, reducións ou mesmo a supresión temporal no tipo de gravame da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación.

2º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a modificar as ordenanzas fiscais en vigor, para poder levar a cabo estas rebaixas ou supresións no exercicio 2023.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Dona Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, sinala que na anterior comisión fixo unha petición respecto á instalación de bandas redutoras de velocidade no lugar de Faramontaos, no Concello de Xinzo de Limia, na estrada OU-1107 e que aínda non tivo contestación da mesma.

O presidente da Comisión indica que se dirixirá ás Áreas de Infraestruturas e de Transparencia para que se remita a contestación á maior brevidade.

Dona Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, engade que das preguntas formuladas polo Grupo Socialista na anterior comisión de Cooperación non se recibiu contestación ningunha.

E ás 18.00 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.